



MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE VILASANTAR PARA A PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN DA ANTIGA AC-194.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Coa construción da variante da AC-480 a antiga estrada AC-194 quedará como un acceso ao núcleo urbano de Vilasantar. No ano 2015 asinouse un convenio co concello de Vilasantar no que se actuou sobre o firme de dita travesía e o concello asumiu a súa titularidade dado que o seu tráfico era fundamentalmente local.

A día de hoxe a totalidade do firme de dita travesía atopase moi deteriorado e o seu pavimento no garante as condicións necesarias de adherencia, polo que é necesaria a intervención sobre o mesmo por razóns de seguridade viaria. Aproveitase a nova pavimentación para humanizar o seu percorrido gañando espazo para os viandantes, coa construción dunha plataforma sobre elevada no entorno da praza do concello e novos pasos de peóns.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en cento sesenta e oito mil oitocentos setenta euros con trinta e cinco céntimos (168.870'35 €) IVE engadido. A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras con cargo á partida 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2024-00004 dos seus orzamentos para o ano 2024.



4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Vilasantar e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Esta actuación xa fora prevista na Lei /2023, do de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

